



RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2019-2020

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15-03-13) e Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01-02-17) pola que se modifica a anterior Orde.

O CEIP Francisco Vales Villamarín está adscrito ao IES Francisco Aguiar

- **O alumnado do 6º, que promocióne á ESO, terá prioridade para a admisión no IES Francisco Aguiar (Art. 10.1 Orde do 12 de marzo de 2013).**
- **O alumnado que pretenda continuar os seus estudos no IES Francisco Aguiar poderá cumprimentar a solicitude de xeito manual ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e presentala no CEIP Fco. Vales Villamarín. Tamén pode presentarse a través da SEDE ELECTRÓNICA. O prazo é do 1 ao 15 de febreiro do presente ano (Art. 10.2 Orde do 12 de marzo de 2013)**
- **O Anexo I (RESERVA DE PRAZA, CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTEA ADSCRITO) será facilitado polo CEIP Francisco Vales Villamarín, estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na web da COnsellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional.**
- **A dirección do CEIP Francisco Vales Villamarín remitirá ao IES Francisco Aguiar as solicitudes de reserva de praza do alumnado que faga uso da prioridade de admisión como centro adscrito (Art. 10.3 Orde do 12 de marzo de 2013).**
- **O alumnado que promocionando á ESO desexe continuar os seus estudos noutro centro, DIFERENTE ao IES Francisco Aguiar, NON cubrirá o Anexo I e deberá presentar a súa solicitude de admisión Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS) entre os días 1 e 20 de marzo do presente ano (Art. 14. Orde do 12 de marzo de 2013).**
- **O Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS), será facilitado polo centro elixido e estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).**
- **O alumnado admitido tanto no centro ao que se estea adscrito (IES Francisco Aguiar) coma noutro centro, deberá formalizar a súa matrícula entre o 25 de xuño e o 10 de xullo do presente ano (Art. 40.2.b Orde do 12 de marzo de 2013).**

Betanzos, 30 de xaneiro de 2019

Devolver o recibín asinado:

Don/Donapai/nai/titor/a do/a alumno/a
de sexto curso recibín a circular relativa a reserva
de praza para 1º curso da ESO no IES Francisco Aguiar e outras informacións

Asinado: